

MODELO DE EQUIPO: ESMERIL

Os esmerís serven para o afilado das ferramentas do taller mecánico, así como para o desbarbado de pequenas pezas.


Levan dúas moas ou dúas ferramentas abrasivas fixadas en cada extremidade do eixe motor.

A peza que hai que amolar suxéitase coa man apoiando sobre o soporte de peza.



RISCOS DERIVADOS DO USO

- ⊗ Rotura impulsiva do disco da moa con proxección desta. É un feito infrecuente que ocorre polo uso ou amarrado inadecuado da moa abrasiva ou inexistencia de carcasa envolvente.
- ⊗ Proxección de partículas a zonas oculares por inexistencia de pantallas de policarbonato e/ou non utilización de lentes de protección.
- ⊗ Contacto fortuíto coa moa durante o proceso por descoido do operario, inexistencia de apoio ferramentas ou inexistencia de carcasa envolvente.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- ☺ Protección ocular (**lentes de protección**) para evitar a proxección de labras e líquido refrixerante aos ollos.
- ☺ **Botas de seguridade** para evitar golpes nos pés por caída de pezas sobre eles.
- ☺ **Protección auditiva** (auriculares ou tapóns): será de uso obrigatorio cando a medición hixiénica indique un nivel de ruído de 90 dB. Se o nivel se encontra entre 80 e 90 dB, o seu uso é recomendable.



MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVAS

- ☺ **Pantallas de policarbonato abatibles** para protexer o operario de proxeccións. Será moi recomendable indicar a obrigatoriedade do seu uso durante o proceso produtivo.
- ☺ **Apoia - ferramentas** para facilitarlle o traballo ao operario e reducir o risco de contacto coa máquina.
- ☺ En caso de que o equipo de traballo se utilice para o desbarbado de pezas mediante cepillos de pugas deberase avaliar a cantidade de po xerado. En caso de que esta sexa importante deberase instalar un sistema de aspiración.
- ☺ **Carcasa envolvente** para protexer a moa, deixando unicamente unha apertura de 90º para poder traballar.
- ☺ **Paradas de emerxencia** asociadas a un sistema de freo porque o freado brusco pode carrexar un desamarre das ferramentas e pode ser perigoso para o operario.
- ☺ **Protección do interruptor de accionamento contra o arranque automático**, tras unha caída de tensión e o seu restablecemento.



NORMAS DE TRABAJO (INSTRUCCIÓNS OPERATIVAS)

- ☺ As moas deben entrar libremente no eixe do esmeril. Non deben entrar forzadas nin con demasiada folgura. Evitaranse os alabeos da moa, retirándoa do seu uso se é preciso.
- ☺ As superficies da moa, xuntas e pratos de suxeición deben estar limpas e exentas de calquera corpo extraño.
- ☺ As moas novas faranse xirar en baleiro, á velocidade de traballo, polo menos un minuto, antes de utilizalas.
- ☺ Utilizaranse moas en bo estado e de características axeitadas ao esmeril e aos requirimentos do traballo (diámetro máximo e mínimo aceptable, velocidade máxima de traballo, grao do abrasivo, dureza, etc.).
- ☺ Non se utilizarán moas que non leven as indicacións obrigatorias (gran, grao, velocidade máxima, diámetro máximo e mínimo) aínda que presenten bo aspecto.
- ☺ Perante calquera signo de greta, alabeo ou mal funcionamento a moa debe ser substituída.
- ☺ A distancia entre o apoio-ferramentas e a moa non superará os 3 mm. para evitar acuñaementos e roturas da moa.

